

ANPA



Curso 2020-2021

***Colabora e participa connosco
na vida do centro!***

*Cun pouco do voso tempo
podemos facer moito polo nosos/as fillos/as*

anpa.stoandredexeve@nontedurmas.org

Facebook: *Anpa Santo André de Xeve*

Telegram: <https://t.me/joinchat/AAAAAEhoWJwZNufQb8qDOA>

Tel.: 618 742 455 – 635 541 894



QUE É UNHA ANPA E PARA QUE SERVE?

É unha asociación de pais e nais sen ánimo de lucro.

As súas funcións están recollidas nos Estatutos, pero imos a destacar as seguintes:

- Colaborar xunto co profesorado no control e xestión do centro.
- Colaborar nas actividades educativas e extraescolares.
- Apoiar as medidas encamiñadas a mellorar a contorna escolar e a súa conservación.
- Axudar aos pais/nais/titores/as para resolver todas as dúbidas que poidan ter.
- Xestionar os servizos de comedor.

As persoas socias son beneficiarias da gratuidade da axenda escolar, axudas co pago de excursións durante o curso, descontos en establecementos (presentando o carné de socio), agasallos, etc.

Na entrada da escola, temos unha caixa de correos de suxestións para calquera dúbida ou aclaración.

PRECISAMOS DA TÚA COLABORACIÓN:

- Participando con voz e voto nas reunións da Asociación.
- Elixindo e sendo elixido para tódalas funcións representativas da Asociación.
- Participando en calquera actividade organizada pola Asociación:
 - Nas actividades extraescolares (estas actividades son unha alternativa á televisión, aos videoxogos, etc.).
 - Na venda de lotería de Nadal e de rifas.
 - Nas celebracións (Magosto, Samaín, Nadal, Entroido e Fin de curso).
- Dirixindo peticións e proponendo iniciativas á Xunta Directiva da Asociación.
- Contribuíndo economicamente ao seu sostemento, coa única **cota anual establecida por unidade familiar de 20 €** a ingresar en calquera oficina de **ABANCA na conta: ES27 2080 0500 5930 4046 6764 (poñer no concepto ALTA ANPA + NOME E APELIDOS DO NENO/A)**.

Tamén se pode pagar calquera día do mes de outubro no horario de 08.45 a 09.00 horas na porta da escola.

O prazo de inscrición remata o 31 de outubro de 2020. A partir desta data permitirase a inscrición pero cun incremento da cota de 1,00 € por mes transcorrido.

SERVIZO DE PLAN MADRUGA E COMEDOR

Empresa adxudicataria: ARUME.

Horario: De 7:15 a 8:45 horas e de 13:45 a 16:15 horas, respectivamente.

Contacto directo coa empresa a través dalgún dos seguintes medios:

- Teléfono: 607 634 413
- E-mail.: info@arumeservicios.gal

ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O CURSO 2020-2021

Este ano a ANPA repartirá ao alumado socio unha máscara reutilizable de balde. Se as familias desexan máis, poderán adquirilas previa solicitude por correo electrónico e pagamento. Os socios terán un custe máis reducido.

Asemade este ano para axudar a todas as familias, a ANPA mercou os paquetes de 500 folios que piden todos os anos aos nenos/as, razón pola que non se lles pediu no material escolar.

Tamén continúaase coas cooperativas de material e libros de infantil.

E, por suposto, as saídas escolares organizadas pola escola seguirán sufragándose na metade do seu custo ás familias socias.

A escola fíxonos participantes da súa intención de programar actividades que supoñan o desprazamento ao centro e non a saída ao exterior, sobre todo neste primeiro trimestre, mentres a situación no se equilibre e se vexa como evoluciona.

Asemade ofertaranse neste primeiro trimestre actividades extraescolares online segundo nos vaian achegando propostas as empresas xunto co seu plan de continxencia.

Ás actividades extraescolares poden asistir calquera neno/a estea ou non matriculado nesta escola e naquelas que sexan para toda a familia poderán tamén anotarse os pais.

Todas as **actividades extraescolares** propostas, terán unha **cota de matrícula de 20,00 € por neno/a (agás piscina)** que se pagará en efectivo a calquera membro da Xunta Directiva, ou ben no número de conta ES27 2080 0500 59 3040466764 co concepto "ACTIVIDADE + NOME e APELIDOS DO/A NENO/A". Os/As **socios/as da ANPA** están **exentos** desta matrícula.

MODALIDADES DE PAGO:

PISCINAS (Rías do Sur – BUDO – Campolongo):

- o Este ano con motivo do COVID, as piscinas xestionaranse directamente polas empresas nas súas instalacións.

RESTANTES ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

- o **Mensualmente** por adiantado ata o día 10 de cada mes mediante transferencia bancaria ao noso número de conta poñendo no concepto "Nome do neno/a + actividade".

BAIXAS:

Comunicarse antes do día 15 de cada mes para que produzan os efectos oportunos e só se compute o pagamento da metade do mes.

NOTAS:

- ❖ O desenvolvemento das actividades queda condicionado a que exista un número suficiente de nenos/as.
- ❖ O horario e o prezo pode variar en función do número de nenos/as que se inscriban e das necesidades do monitor.
- ❖ Aquelas actividades nas que o número de solicitudes sexa superior ás prazas ofertadas por monitor, terán preferencia os socios sobre os non socios, e dentro dos socios segundo a data efectiva de pago da actividade.
- ❖ Os/As nenos/as que queden fóra pasarán a formar parte dunha listaxe de reserva, salvo que o número total de solicitudes permita a creación de dous grupos no mesmo día en horarios diferentes ou en dous días distintos.
- ❖ Este ano temos creado o canal da ANPA a través da App "**Telegram**". Descargade á aplicación e seguides este enlace para unirvos e estar ao día das notas informativas que achegamos: <https://t.me/joinchat/AAAAAEhoWJwZNufQb8qDOA>

Para este curso escolar os eventos como a festa de Samáin, o Nadal, o Entroido, a excursión de fin de curso e a festa de fin de curso, estarán condicionados as normas do Estado e da Xunta que rexan en cada momento, polo que se irán comunicado.

Para os **eventos festivos** organizados pola ANPA **é preciso achegar o carné de familia socia** da ANPA cando este sexa solicitado pola Directiva co obxecto de aplicarlle a vantaxe que se estableza. Este carné ten no seu reverso os establecementos colaboradores nos que os socios/as teñen descontos, os cales tamén se poden consultar no noso Facebook, xa que poden ampliarse ao longo do curso escolar.

Este carné entregarase directamente ao alumnado na escola cando a Xunta Directiva teña constancia do pago, ben presencial a través da copia do recibo de pago ou ben mediante ingreso en conta a través dun xustificante bancario que deberán achegar as familias, todo elo xunto cos impresos que se xuntan cubertos con todos os datos, xa que é obrigatorio ter un libro de persoas socias.

BENVIDOS!!

INFORMACIÓN SEGURO ACCIDENTES PARA ALUMNOS

COMPAÑÍA ASEGURADORA: AXA.

Quedan cubertos todos los accidentes que teñan que ver coas actividades propias do centro escolar, así como as actividades organizadas pola ANPA, excursións, obradoiros e clases extraescolares que se produzan durante o período lectivo declarado como tal na Comunidade Autónoma de Galicia en horario escolar e horas extraescolares impartidas pola ANPA.

Quedan engadidas tamén todas as actividades que realice a ANPA nos fins de semana do período lectivo e tamén a excursión de fin de curso aínda que se realice fóra do período lectivo por completo.

Este ano, con motivo da situación actual xerada polo COVID-19, a oferta da prima anual por alumno/a é de 6,50 € para NON Socios e de **5,50 € para SOCIOS.-€**

O número mínimo de alumnos para incluír no seguro é de 26, por debaixo deste número a ANPA reservase o dereito de contratar o seguro ou non, pois se se contratase cun número de nenos inferior ao citado a prima resultante non baixaría nunca dos 224.-€, supoñendo o incremento na cota e perdendo a cobertura de rotura de lentes.

RESUME DAS COBERTURAS:

Falecemento por accidente	12.000,00 €
Incapacidade Permanente por accidente	16.000,00 €
Asistencia sanitaria por accidente	Incluída
Límite gastos centros concertados	Ilimitada
Límite gastos centros libre elección	1.500,00 €
Asistencia sanitaria no centro escolar	No incluída
Gastos primeiras próteses e asistencia dental	1.500,00 €
Rotura de lentes **	300,00 €
Ciruxía reconstructiva	1.000,00 €
Mestre de apoio	10 días
Asistencia en viaxe	Incluída
Límite máximo do sinistro	12 meses

** A rotura de lentes so se cubre en Axa se o/a neno/a sofre un accidente con lesiones que oblige a la atención médica por parte de un facultativo del cuadro médico, en Allianz no es necesario si bien tiene franquicia de 75.-€ y la cobertura por consiguiente es muy inferior.

Así mesmo, aqueles municipios onde a cobertura sexa escasa ou quede lonxe en Axa temos a cobertura de asistencia médica en libre elección ata 1.500.-€

O seguro es nominativo, é dicir, so terán cobertura os/as nenos/as que estean dados de alta con NOME, APELIDOS E CURSO. A adhesión ao seguro de accidentes do/da seu fillo/a comezará a partir da data na que a ANPA faga a comunicación á corredería de seguros.

Unha vez pedida a solicitude da póliza as variacións pódense comunicar dúas veces ao mes (a primeiros e mediados de cada mes). Estas inclusións terán un custe de 6,50.-€ o 5,50.-€, segundo sexa o non socio, por neno/a aínda que se fagan despois do inicio anual da póliza.

Todos os anos durante os meses de setembro e outubro hai que mandar o listado cos nenos que deben quedar asegurados no novo curso para actualizar a póliza e deixala cos/coas nenos/as que realmente quedan no novo curso.